

UniversidadeVigo

## CALENDARIO AMBIENTAL

### XANEIRO

#### 26 /DÍA MUNDIAL DA EDUCACIÓN AMBIENTAL

Concienciar ás persoas sobre a contorna e como coidala, é un paso básico para a conservación do medio ambiente.

Esta celebración ten a súa orixe no ano 1975, no cal celebrouse en Belgrado (capital daquela de Iugoslavia e actual capital de Serbia) o Seminario Internacional da Educación Ambiental, no que participaron profesionais de máis de 70 países. Nese evento establecéronse os principios da educación ambiental no marco dos programas das Nacións Unidas. Como resultado, publicouse a Carta de Belgrado, na que se plasman reivindicacións e principais obxectivos da Educación ambiental.



#### 28 /DÍA MUNDIAL DE ACCIÓN FRONTE O QUENTAMENTO TERRESTRE

Data establecida polo acordo de 140 países no Protocolo de Kyoto, destinada á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro. O obxectivo é crear conciencia sobre o Cambio Climático global, en especial sobre a nosa contribución ó aumento da concentración dos gases de efecto invernadoiro(GEI).



## FEBREIRO

### 2/ DÍA MUNDIAL DAS ZONAS HÚMIDAS

Establecido en 1971 trala firma do Convenio das Zonas Húmidas en Ramsar(Irán), coa finalidade de lograr a cooperación internacional a favor da conserva e uso racional das zonas húmidas.

Cada ano, organismos oficiais, organizacións non gobernamentais e grupos de cidadáns de tódolos niveis da comunidade, aproveitaron a oportunidade para levar a cabo actividades que aumenten a sensibilidade do público sobre os valores das zonas húmidas e os beneficios que achegan.



### 14/ DÍA DA ENERXÍA

Dende 1949, co obxectivo de promover o uso de alternativas e diminuír o de enerxías non renovables.

Preténdese aumentar o uso das enerxías renovables, as que se extraen de fontes e recursos inesgotables, tales coma: vento, auga, correntes mariñas...



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 23/ DÍA DO COMPROMISO INTERNACIONAL DO CONTROL DE MERCURIO

Data que conmemora a decisión dos ministros de Medio Ambiente de 140 países para preparar un tratado global e legalmente obrigatorio para facer fronte ao comercio e ao impacto do mercurio.

O uso do mercurio para actividades mineiras informais e ilegais ameaza as vidas dos traballadores das poboacións expostas en todo o mundo, as dos que traballan en minas de ouro e as súas familias.



## 27/ DÍA INTERNACIONAL DO OSO POLAR

Este día pretende ser unha xornada reflexiva sobre o perigo en extinción das especies como a do oso polar, primeira especie en ser declarada oficialmente en perigo de extinción.



## MARZO


### 3/ DÍA MUNDIAL DA VIDA SILVESTRE

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou, en decembro do 2013, o Día Mundial da Vida Silvestre como celebración do aniversario da adopción da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestre. A data busca reafirmar o valor intrínseco da fauna e flora silvestres e as súas diversas contribucións xenéticas, sociais, económicas, científicas, educativas, culturais, recreativas e estéticas, entre outras, o desenvolvemento sostible e o benestar da humanidade.



### 5/ DÍA MUNDIAL DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

Este día ten as súas orixes na primeira Conferencia Internacional de Eficiencia Enerxética, celebrada en Austria no ano 1998, onde máis de 350 expertos e líderes de 50 países discutiron estratexias para afrontar a crise da enerxía e propor posibles solucións.



## 8/ DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Día en el que se reivindica la igualdad de derechos de la mujer, su lucha por la igualdad con el hombre y en la sociedad.



## 15/ DÍA MUNDIAL DO CONSUMO RESPONSABLE

O 15 de marzo de 1962, o presidente dos Estados Unidos John F. Kennedy, proclamou os dereitos dos consumidores. A súa finalidade é promover e practicar o consumo responsable de produtos e recursos, considerando o seu impacto sobre o medio ambiente, saúde e comunidade.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 21/ DÍA MUNDIAL DOS BOSQUES (DÍA DA ÁRBORE)

Celébrano os estados membros da FAO dende 1971.

Esta data eleva a importancia da función que compren os bosques nos sistemas naturais. Os bosques albergan a máis da metade das especies terrestres coñecidas e cobren un terzo da superficie terrestre do planeta. Os bosques axudan a mitigar o cambio climático, conservar o solo e a auga, impiden a desertización e protexen as zonas costeiras.



## 22/ DÍA MUNDIAL DA AUGA

Declarado pola asemblea xeral das nación Unidas en 1993. A súa finalidade é fomentar a conciencia pública respecto os recursos hídricos, defender a xestión sostible dos recursos de auga doce.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 23/ DÍA METEOROLÓXICO MUNDIAL

Este día conmemora a entrada en vigor, en 1950, do Convenio polo que se estableceu a Organización Meteorolóxica Mundial. A OMM é un organismo especializado do sistema das Nacións Unidas e está composta por 191 países. Preténdese destacar a importante contribución dos servizos meteorolóxicos e hidrolóxicos nacionais que aportan seguridade e benestar da sociedade.



## 26/ DÍA MUNDIAL DO CLIMA E A ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO

Data que nos convida a tomar conciencia e a realizar accións efectivas de mitigación e adaptación ao Cambio Climático global, en especial, nas actividades máis vulnerables como son a agricultura, a gandería, a pesca, a industria e a minería.





# CALENDARIO AMBIENTAL

## ÚLTIMO SÁBADO DE MARZO: A HORA DO PLANETA.

Levada a cabo pola World Wildlife Found (WWF) como unha xornada de solidariedade mundial de unha hora de duración na que non se usará enerxía eléctrica.

Pretende crear conciencia e compromiso para reducir o impacto ambiental xerado por consumo innecesario da enerxía, así como para aplicar prácticas para aforrar enerxía e diminuír a contaminación lumínica.



## ABRIL

### 7/ DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

En 1948 a primeira Asemblea Mundial da Saúde propuxo a creación dun "Día Mundial da Saúde". O obxectivo proposto cada ano é propiciar que as persoas de todo o mundo tomen conciencia sobre un tema de saúde específico. É un dereito fundamental vivir nun ambiente saudable.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 19/ DÍA MUNDIAL DA BICICLETA

Este día ten como finalidade a toma de conciencia para empregar este vehículo de dúas rodas, ecolóxico e económico que proporciona saúde persoal e protección do medio ambiente ... ¡todo beneficios!



## 22/ DÍA DA TERRA

Foi iniciado no ano 1970 nos Estados Unidos, Canadá e varios países da Europa Occidental, coa finalidade de tomar conciencia sobre a fragilidade do noso planeta, así como de mobilizar aos cidadáns de cara a accións ambientalmente responsables.



## 25/ DÍA MUNDIAL DA VIDA SEN RUÍDO

Impulsado pola Liga para o Déficit Auditivo dende 2001. Motiva a que tódalas persoas do mundo tomen conciencia dos trastornos á saúde e ao medio ambiente que implica a contaminación acústica.



## MAIO

## 4/ DÍA INTERNACIONAL DO COMBATENTE DE INCENDIOS FORESTAIS

Este día apoia ás brigadas que combaten o lume en todo o mundo e se recoñece o seu nivel de compromiso e dedicación.

A principal misión destes é preservar a vida e a integridade do patrimonio e recursos naturais que poden verse afectados polo lume.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 9/ DÍA INTERNACIONAL DAS AVES.

Establecido dende o ano 2007 por iniciativa de Bird Life Internacional. O seu obxectivo é exaltar a fermosura, funcionalidade e diversidade das aves para o equilibrio dos ecosistemas e o goce humano.



## 10/ DÍA MUNDIAL DAS AVES MIGRATORIAS.

O día Mundial das aves migratorias celébrase en máis de 70 países, destacando o papel que o turismo sostible cumpre na conservación desta marabilla: os espectaculares desprazamentos das aves migratorias ó longo das súas rutas aéreas.



## 17/ DÍA MUNDIAL DA RECICLAXE

Reducir, reutilizar e reciclar ...

Con máis importancia que nunca, a día de hoxe en España, o 72% dos envases volven á cadea de produción para servir coma produtos e contedores novos. Démoslle unha nova vida e evitemos un consumo excesivo!!!



## 21/ DÍA MUNDIAL DA DIVERSIDADE CULTURAL PARA O DIÁLOGO E O DESENVOLVEMENTO

Establecido en Novembro de 2001 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

Esta data posibilita a reflexión sobre os valores da diversidade cultural para así aprender a "vivir mellor" xuntos.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 21/ DÍA MUNDIAL DA MIGRACIÓN DOS PEIXES(WFMD)

Pretende concienciar sobre o impacto da fragmentación dos ríos no desenvolvemento de numerosos ecosistemas, así coma a conservación de especies e a erosión dos leitos.



## 21/ DÍA EUROPEO DA REDE NATURA 2000

Coincide coa data de aprobación da Directiva Hábitats no ano 1992.

Quérese dar a coñecer á sociedade a *Rede Natura 2000*, a maior rede de espazos protexidos do mundo -máis de 27.000 en toda a Unión Europea- nos que conviven a Natureza e a actividade humana e atesouran un altísimo patrimonio ecolóxico, social e económico.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 22/ DÍA INTERNACIONAL DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA

Instituído polo Convenio de Diversidade Biolóxica, para dar conciencia cidadá ao valor da biodiversidade e ao seu aporte na calidade de vida das persoas.

A biodiversidade é a variedade de animais, plantas, microorganismos, ecosistemas, paisaxes e toda a variabilidade xenética que conforma a VIDA.



## 24/ DÍA EUROPEO DOS PARQUES NATURAIS.

Obxectivo de fomentar o soporte público cara estas zonas protexidas. Desta maneira, cada ano organízanse actividades nas áreas protexidas para divulgar os valores naturais e culturas e dar a coñecer a importancia de protexer estas zonas.



## XUÑO

### 5/ DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Vínculo polo cal as Nacións Unidas (ONU) sensibiliza á poboación mundial en canto a temas ambientais se refire, intensificando a atención e a acción política.

Os obxectivos principais son brindar un contexto humano, motivar ás persoas para que se convertan en axentes activos do desenvolvemento sostible e equitativo e fomentar a cooperación para que o medio ambiente sexa sostible, pois isto garante que tódalas nación e persoas gocen dun futuro máis prospero e seguro.



### 8/ DÍA MUNDIAL DOS OCÉANOS

A data foi proposta en 1992 no Cumio da Terra en Río de Janeiro, coma unha maneira de crear conciencia sobre o papel crucial que os océanos teñen nas nosas vidas e as distintas maneiras nas que as persoas poden axudar a protexelos.

Non esquezamos que os océanos xeran a maior parte do oxíxeno que respiramos e alberga infinidade de especies animais e vexetais.





## CALENDARIO AMBIENTAL

### 16/ DÍA MUNDIAL DAS TARTARUGAS MARIÑAS

Data que coincide co nacemento en 1909 de Archie Carr: o maior conservacionista de tartarugas mariñas, que loitou toda a súa vida polo mantemento destes seres vivos, iconas de tranquilidade e lonxevidade, principalmente en Costa Rica.



### 17/ DÍA MUNDIAL DA ACCIÓN FRONTE A DESERTIZACIÓN E A SECA

En 1994 foi aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas co fin de adoptar medidas concretas e innovadoras de nivel local, nacional e rexional orientadas a evitar a perda da cobertura vexetal e o avance da desertización no mundo.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 26/ DÍA INTERNACIONAL DOS BOSQUES TROPICAIS

Establecido en 1999 polo Centro Mundial de Vixilancia da Conservación do PNUMA, WWF e o Programa Hidrolóxico da Unesco, ten como obxectivo fomentar acción sostibles e harmónicas co medio ambiente a través do manexo adecuado dos bosques das zonas tropicais.



## XULLO

### 7/ DÍA MUNDIAL DA CONSERVACIÓN DO SOLO

Celébrase nesta data en recordo a unha persoa que logrou aumentar a produción da terra mediante a protección da mesma: Hugh Hammond Bennet. O solo é un sistema dinámico fundamental para o crecemento de plantas e produción de alimentos, polo que é preciso a súa conservación e un uso racional dos recursos que nos proporciona.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 11/ DÍA MUNDIAL DA POBOACIÓN

En 1989 plasouse este día para tomar conciencia pola cada vez maior concentración de poboación en cidades e despoboamento do territorio en zonas rurais.



## 23/ XORNADA MUNDIAL DAS BALEAS.

Día mundial contra a caza das baleas, que aínda sendo prohibido, hoxe en día varios países continúan cazando centos de exemplares alegando "fines científicos".



## AGOSTO

### 9/ DÍA MUNDIAL DAS POBOACIÓNS INDÍXENAS

En Decembro de 1994 a Asemblea xeral das Nacións Unidas estableceu a data, ao celebrarse o Decenio Internacional das poboacións indíxenas do Mundo. Estas poboacións combinan modos de vida compatibles coa sostibilidade coidando o planeta.



### 12/ DÍA DA CALIDADE DO AIRE

Levado a cabo por PNUMA e a Organización Mundial da Saúde(OMS), en 2002.

Preténdese concienciar á poboación sobre a importancia de reducir ou non utilizar contaminantes que prexudiquen o ambiente, tales como combustibles fósiles, a industria de produtos químicos e actividades industriais, sendo estas as principais fontes de contaminación do aire.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 18/ DÍA DA PREVENCIÓN DE INCENDIOS

O Día da Prevención de Incendios celébrase o 18 de agosto de tódolos anos. É un día de concienciación e cooperación para a prevención e cuidados da natureza, porque é una obriga de todos.



## 24/ DÍA INTERNACIONAL DOS PARQUES NATURAIS.

O 24 de agosto celébrase o Día Internacional dos Parques Naturais. A diversidade da fauna e a flora require unha conservación por parte dos cidadáns dun xeito moi coidadoso.



## SETEMBRO

### 16/ DÍA INTERNACIONAL DA CAPA DE OZONO

A finais de 1994, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o “Día internacional da capa de ozono”. O ozono é un gas, semellante ao osíxeno, que concentrado nos máis altos niveis da atmosfera forma unha capa, coñecida como a capa de ozono. É importante porque actúa como escudo protector fronte as radiacións ultravioleta do Sol.



### TERCEIRA FIN DE SEMANA: FIN DE SEMANA INTERNACIONAL DE LIMPAR O MUNDO

A Limpar o Mundo é unha campaña ambiental global levada a cabo en conxunción co Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA). Representa unha idea fundamental: como mobilizar á xente arredor do mundo para que aborde o desafío práctico de manter un medio ambiente sostible. O evento principal da campaña é o Fin de Semana de A Limpar o Mundo, que se celebra o terceiro fin de semana de setembro de cada ano.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## TERCEIRO SÁBADO: DÍA INTERNACIONAL DA LIMPEZA DE PRAIAS

O terceiro sábado do setembro de cada ano, centos de miles de voluntarios de todas partes do mundo súmanse ao Día Internacional da Limpeza das Praias, que celebra dende hai 29 anos a organización estadounidense Ocean Conservancy.



## 21/ DÍA MUNDIAL DA PAZ

Instituído pola Asemblea das Nacións Unidas dende o ano 2001, é tamén celebrado como o Día Internacional da Paz, buscando enviar unha convocatoria mundial para o cese do fogo e a violencia.



# CALENDARIO AMBIENTAL

## 22/ DÍA MUNDIAL SEN AUTOMÓBIL.

A celebración de días sen automóbiles, cobrou importancia cidadá nos últimos anos, e estendeuse por diferentes lugares do mundo. Porén, en 1974 diversos gobernos europeos xa tiveran a idea de celebrar un día sen coches ante a crise enerxética que sufrían. A experiencia non se repetiu até mediados dos anos oitenta, por iniciativa das organizacións ecoloxistas. As últimas propostas xorden a finais dos anos noventa, e diríxense especialmente ás xornadas cruciais para o tráfico: as laborables. O principal obxectivo deste día é potenciar o transporte público como medio alternativo e concienciar aos cidadáns dos efectos que os automóbiles teñen sobre o medio ambiente.



## 27/ DÍA MUNDIAL DO TURISMO

Instituído en 1980 pola Asemblea Xeral da Organización Mundial do Turismo (OMT), para promover mundialmente o turismo e os seus valores sociais, culturais, políticos e económicos. A actividade turística e o ecoturismo particularmente, brindan excelentes oportunidades para contribuír ao alivio da pobreza en zonas afastadas, poñendo en valor a beleza paisaxística e a biodiversidade, ao mesmo tempo que privilexian a sostibilidade, a preservación e a apreciación do ambiente.





# CALENDARIO AMBIENTAL

## NOVEMBRO

### 5/ DÍA INTERNACIONAL PARA A PREVENCIÓN DA EXPLOTACIÓN DO MEDIO AMBIENTE NA GUERRA E NOS CONFLITOS ARMADOS

O 5 de novembro de 2001, a Asemblea Xeral declarou o Día Internacional para a prevención da explotación do medio ambiente na guerra e nos conflitos armados, o cal se celebran o 6 de novembro de cada ano (resolución 56/4).



## DECEMBRO

### 5/ DÍA INTERNACIONAL DO VOLUNTARIADO

O 17 de decembro de 1985 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas na Resolución 40/212 invita aos gobernos a celebrar tódolos en anos, o 5 de decembro, un Día Internacional dos Voluntarios para o Desenvolvemento Económico e Social, e os exhorta a adoptar medidas para que se cobre unha conciencia maior da importa contribución que aportan os voluntarios, o cal estimulará a máis persoas de toda condición a ofrecer os seus servizos como voluntarios, tanto nos seus países de orixe como no estranxeiro.



## 11/ DÍA INTERNACIONAL DAS MONTAÑAS

O 20 de decemrbo de 2002 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas na Resolución 57/245 decide declarar o 11 de decembro Día Internacional das Montañas, e alenta á comunidade internacional a que organice actos a tódolos niveis ese día para resaltar a importancia do desenvolvemento sostible das montañas.

